DEPUTACIÓN DE LUGO

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 22-10-2026 ata a día 11-11-2026
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA

DECRETO

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por acordo da Xunta de Goberno do 29.05.2026, apróbase a convocatoria e as bases específicas para a elaboración dunha listaxe de emprego de OFICIAL OFICIOS MÚLTIPLES, para prestar servizos de carácter temporal na Deputación de Lugo (BOP núm. 124, do 02.06.2026).

As bases xerais que rexen a convocatoria son as que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), publicadas no BOP núm. 260, do 12.11.2025.

As cualificacións finais definitivas e a proposta do Tribunal coa orde da listaxe, publicouse na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 16.10.2026.

Á vista do resultado do proceso selectivo, o Tribunal formula proposta ante a presidencia da entidade para que aprobe a elaboración da listaxe de emprego temporal de OFICIAL OFICIOS MÚLTIPLES da Deputación Provincial de Lugo, segundo os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos con carácter temporal na dita entidade.

Á vista do sinalado proponse á presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedementos de selección do persoal funcionario da Administración Local, e co establecido no punto 10 e 11 das bases xerais que rexen esta convocatoria e, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, resolva:

1º.- Dar por rematado o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal de OFICIAL OFICIOS MÚLTIPLES, grupo C – subgrupo C2, aprobando a inclusión das persoas propostas polo Tribunal que a continuación se sinalan:

Nº CONTROL	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN
01	VEGA GÓMEZ, ÓSCAR	37,900
02	BERMÚDEZ BASANTA, DANIEL	36,000
03	MELLA NÚÑEZ, AITOR	28,625
04	PENEDO FERNÁNDEZ, VÍCTOR	28,125

2º.- Ordenar que a incorporación de efectivos se realice conforme aos criterios que rexen a incorporación de persoal para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo, de acordo co sinalado na resolución da presidencia vixente no momento da súa publicación.

	IV77QPLZF4RTXNMPDTQAMNLUHY	Fecha y Hora	23/10/2026 13:27:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QPLZF4RTXNMPDTQAMNLUHY	Página	1/2

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 22-10-2026
ata a día 11-11-2026
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA

3º.- Esta listaxe terá efectividade dende o día seguinte á publicación da presente resolución na web corporativa da Deputación de Lugo."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

A PRESIDENTA,
P.D. Decreto de data 14-01-2026
O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV77QPLZF4RTXNMPDTQAMNLUHY	Fecha y Hora	23/10/2026 13:27:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QPLZF4RTXNMPDTQAMNLUHY	Página	2/2